

Intervención do Presidente da Xunta de Galicia como Delegado Rexio 2023

Santiago de Compostela, 25 de xullo 2023

Alcaldesa de Santiago, Goretti SanMartín
Arcebispo de Santiago, Francisco José Prieto
Presidente do Parlamento, Miguel Santalices
Delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco
Xeneral xefe do mando de apoio á manobra, Juan Francisco Arrazola
Xefe da oposición, Alberto Núñez Feijóo

Pocos honores son equivalentes al de exercer como Delegado de Su Majestad el Rey Felipe VI en esta Ofrenda Nacional al Apóstol Santiago.

En una época en la que se concede un valor absoluto a toda una gama de símbolos, cuyo significado es en muchas ocasiones todo menos encomiable, **me reconforta y enorgullece poder transmitir aquí los respetos de todo el pueblo español a nuestro Santo Patrón.** Les ruego que sean indulgentes con mi desempeño.

Ao igual que o peso de calquera responsabilidade, a carga que supón debutar como delegado rexio nesta celebración é máis liviá cando é compartida. Esta é tamén a **primeira ofrenda que preside o arcebispo Francisco José Prieto**, ao que quero agradecer a súa cálida acollida nesta Catedral.

Créanme cando lles digo que entendo o que supón suceder a alguén que, como monseñor Julián Barrio, exerceu a súa responsabilidade con tantos acertos e recoñecemento popular.

A exemplar transición que se viviu na arquidiocese de Santiago de Compostela, a máis grande de Galicia e unha das máis significadas de España, supón un exemplo para todos, dentro e fóra da Igrexa.

Estes últimos días, os españois decidimos **comezar unha nova etapa nesta senda compartida** que é o noso país. Como sabe calquera bo camiñante, cando un grupo afronta unha bifurcación non debe dividirse nin quedar paralizado polas naturais incertezas e polo medo. Sexa cal sexa a alternativa que se tome, resultará infinitamente máis árida e pedregosa cando os primeiros pasos parten da fractura e a desafección.

A figura do Apóstolo Santiago exerce como **recordatorio perenne da importancia de que España siga avanzando unida**.

Un país en paz consigo mesmo, no que as saudables e lexítimas diferenzas de pensamento, de prioridades, de intereses particulares, de orixe ou de fe relixiosa non poidan impedir xamais que atopemos a maneira de collernos as mans para avanzar unidos.

As institucións, nadas da soberanía popular, que se conformarán nas vindeiras semanas, **acertarán sempre que antepoñan o ben común dos cidadáns a calquera outra consideración**. Nada pode estar por riba de todo o que une aos "españois de ambos os dous hemisferios", tomando prestada a fermosa expresión da Constitución de Cádiz que hoxe toma un novo cariz.

Os responsables públicos debemos ter sempre presente que, no exercicio do noso cargo, **non nos representamos a nós mesmos, nin tampouco só aos nosos afíns**. Somos avogados defensores da pluralidade, e iso implica moitas veces que a individualidade deba pasar a un segundo plano. Este acto de xenerosidade cara aos demais, e moi especialmente cara aos distintos, é máis poderoso que calquera outro xesto de autoafirmación.

Recuperar o valor dos símbolos nos que cabemos todos, recobrar a credibilidade dos representantes electos, protexer a quen necesita amparo

e promover un progreso racional e equilibrado deben ser catro obxectivos que nos unan neste novo tramo do Camiño.

A praza do Obradoiro, testemuña e protagonista á vez do desenvolvemento de Galicia ao longo dos séculos, exerce cunha intensidade crecente cada ano de **praza maior de Galicia, de España e de Europa.**

Cada vez son máis os distintos acentos que se entrelazan fronte a esta Catedral, nunha fermosa trama de conversas. A súa densidade, cada vez maior, evidencia como non deixou de crecer o número de persoas que emprenden esa ruta cuxo final de traxecto é o sartego do Apóstolo.

El Camino de Santiago registra una afluencia al alza, que no constata solo la recuperación del turismo después del súbito parón de la pandemia, sino que también resalta ciertos principios que parecían ya olvidados. La introspección, la calma, el sacrificio o el compañerismo se convierten en valores absolutos a lo largo de cada una de las etapas.

La Ruta Xacobeas se convierte así en un remedio a la frivolidad, al egoísmo y a los peores usos y costumbres del mundo moderno. **Se alza en un bastión de la vida tranquila, sensata y reflexiva en el medio del barullo del siglo XXI.** Hoy más que nunca, podemos decir que **el estilo de vida del peregrino no es un vestigio del pasado, sino un deseo hacia el futuro.**

Esta red de caminos que ha contagiado a Galicia de Europa y también a Europa de Galicia es hoy la mejor embajadora de nuestra tierra ante el mundo entero. **Los poderes públicos debemos seguir trabajando para promoverla, para protegerla y para evitar que se desvirtúe.**

A lo largo de las arterias xacobeas que recorren el continente nos llegan ecos de todas las culturas que contienen la cultura europea, incontables ejemplos de lealtad y fraternidad, pero también el sonido metálico que procede de la guerra que todavía se sigue librando en el Este. No olvidamos a los inocentes que siguen sufriendo y seguiremos haciendo todo lo que esté en nuestra mano para que esa contienda llegue cuanto antes a su fin.

Nuestro pensamiento está también con las personas que **padecieron el accidente ferroviario que nubló una noche del Apóstol de hace diez años**. Para las familias de los que ya no están entre nosotros, para los que sobrevivieron a aquel siniestro y para todos los profesionales y voluntarios que aquellos días velaron por las víctimas, ofrecemos respaldo y reclamamos Justicia.

En nombre de Su Majestad el Rey Felipe VI, le pido ayuda al apóstol Santiago para que, en su doble condición de Santo Patrón de España y de Galicia, **ayude a nuestro pueblo a avanzar con prudencia, pero sin vacilaciones por el Camino de la Historia**.

Que, bajo la tutela de la Corona, podamos **construir entre todos —sin excepciones— una Nación abierta, próspera y acogedora**, en la que cada español encuentre el mismo confort, pareja emoción e idéntica paz a la que siente el peregrino cuando, al llegar a esta Catedral, contempla por primera vez volar el Botafumeiro.